

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E CINCO DE OUTUBRO DE 2007, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente: D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS
D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a: MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a: M^a. JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
D^a. XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte e cinco de outubro de dous mil sete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (27/09/2007)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e cinco de setembro do ano que andamos, que logo de corrixir no punto 11º relativo á moción do PP sobre parques infantís o apartado 1 da parte dispositiva da mesma como consecuencia da emenda presentada polo BNG, quedando redactado do seguinte xeito, apróbase por unanimidade dos asistentes:

“1º.- Que se elabore de forma inmediata un Plan Director para a posta en valor dos espazos públicos e de lecer en Vedra, para garantir o seu correcto mantemento, limpeza e dotalos de mobiliario que os fagan máis atractivos (bancos, papeleiras, parques...).”

2º.- Acordo, se procede, sobre expediente de modificación de créditos 2/2007

Dáse conta do expediente número 2/2007 sobre modificación de créditos do estado de gastos do orzamento municipal para o actual exercicio, no que se inclúen CRÉDITOS por importe de cincuenta mil (#50.000,00) euros para facer fronte ás obrigas a cargo desta Corporación relativas a gastos de mantemento de maquinaria e alumeados en vías públicas, e cuxo expediente se tramitou en virtude de memoria da Alcaldía de data nove de outubro de

dous mil sete e Decreto dictado como consecuencia da mesma, utilizándose como recursos para o seu financiamento:

- Baixa parcial de créditos das partidas do estado de gastos do orzamento municipal para o exercicio de 2007, por poder prescindir de contraer obrigas con cargo ós mesmos polas contías necesarias para financiar as modificacións presupostarias:

<u>PARTIDA</u>	<u>D E N O M I N A C I Ó N</u>	<u>IMPORTE</u>
442-625	Mobiliario urbano para recollida de lixo	50.000,00
TOTAL BAIXAS DE CRÉDITOS PARA FINANCIAR A MODIFICACIÓN		50.000,00

En cuxo expediente aparecen informes de Secretaría-Intervención e demais regulamentarios, todos eles en sentido favorable. Previa deliberación, considerando o carácter inaprazable das obrigas a cargo da Corporación e que as modificacións que se propoñen non producirán perturbacións dos servizos nin dos intereses municipais, propónse:

1º.- Informar favorablemente a proposta de modificación de créditos referida, mediante a transferencia dos créditos, cuxas cantidades deberán ser aplicadas ás partidas que se reflicten na Memoria que motivou o expediente, cuxo detalle é que a deseguido se expresa:

<u>PARTIDA</u>	<u>D E N O M I N A C I Ó N</u>	<u>IMPORTE</u>
511-213	Mantemento de maquinaria e instalacións	40.000
514-210	Mantemento do alumeado público municipal	10.000
TOTAL EXPEDIENTE MODIFICACIÓN CRÉDITOS		50.000

Coas modificacións propostas o resumo por capítulos do estado de gastos do orzamento queda como segue:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>CONSIGNACIÓN ANTES EXPTE.</u>	<u>AUMENTOS CRÉDITOS</u>	<u>BAIXAS CRÉDITOS</u>	<u>CONSIGNACIÓN RESULTANTE</u>
1- Gastos de Persoal	1.337.300			1.337.300
2- Gastos en Bens Correntes e Servizos	1.197.700	50.000		1.247.700
3- Gastos Financeiros	29.850			29.850

4- Transferencias Correntes	75.500			75.500
6- Investimentos	1.126.500		50.000	1.076.500
7- Transferencias de Capital	73.000			73.000
8- Activos Financeiros	12.000			12.000
9- Pasivos Financeiros	97.150			97.150
SUMAS TOTAIS	3.949.000	50.000	50.000	3.949.000

2º.- Que se continúe a tramitación do expediente, coa inmediata exposición ó público, a efectos de reclamacións.

3º.- Que no suposto de no presentarse reclamacións contra do mesmo, se considere definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ambos trámites, a publicación no Boletín Oficial de la Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello.

Logo dunha breve explicación do Grupo de Goberno, dona Xosefina Guitián do BNG expón que lle parece un importe excesivo para mantemento.

Pola súa parte o Sr. Alvela de TEGA manifesta que se absterá parecéndolle excesivo o gasto en maquinaria e non está conforme co gasto en alumeado.

Don Carlos Martínez do PP expón que tamén se absterá manifestando que a cifra da modificación de créditos é importante e que se transfere de investimento a gastos e da partida que se minora aínda existen necesidades sen cubrir.

O Pleno , con seis votos a favor do PSdeG-PSOE e sete abstencións do PP, TEGA e BNG, acorda aprobar a citada proposta.

3º.- Acordo, se procede, sobre aprobación inicial da ordenanza fiscal num. 20 reguladora da taxa por abastecemento de auga potable

Dáse conta da ordenanza fiscal num. 20 reguladora da taxa por abastecemento de auga potable

Pola Presidencia proponse:

1º.- Aprobar provisionalmente a imposición da taxa por abastecemento de auga potable e a Ordenanza Fiscal reguladora da mesma

2º.- Darlle ó expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante a exposición do mesmo do Taboleiro de Anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas

3º.- Considerar, no suposto de que non se presenten reclamacións o expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo de acordo co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a citada proposta

4º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG sobre declaración institucional de apoio ós traballadores da Mina Serrabal

Dáse conta da moción do BNG na que con motivo da continuidade do conflito cos traballadores da Mina Serrabal ante o paso do trazado do Tren de Alta Velocidade pola mina solicita a aprobación dunha declaración institucional de apoio ós citados traballadores.

O Sr. Costa do PP, ó igual que os voceiros dos demais grupos políticos, apoia ós traballadores, tendo en conta que é unha empresa que está no concello expoñendo que este debería ter máis información ó respecto.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE tamén se suma á defensa dos postos de traballo que deberían ser garantidos pola Xunta de Galicia.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar unha moción para apoiar ós traballadores da Mina Serrabal, quedando a parte dispostiva do seguinte xeito:

1º.-Os traballadores deben ter absolutas garantías da permanencia da súa actividade

2º.-A posible renovación da concesión da explotación mineira a Villar Mir debe estar supeditada á garantía por parte deste do mantemento dos postos do traballo e a ter realizado a recuperación ambiental do explotado anteriormente

3º.- A Xunta de Galicia debe facer os seus propios estudos sobre a suposta importancia e calidade do filón do Seixo da Serra, xa que un recurso natural desta importancia ten que estar controlado directamente pola administración, e o Concello de Vedra debe estar informado da 1ª man deste tema.

4º.- As obras deberían estar paralizadas no tramo afectado mentres non se cumpran os puntos acordados no Parlamento galego por unanimidade de todas as forzas políticas o 5 de xullo de 2007, onde se recollía expresamente a necesidade de coñecer a afectación real do tren sobre unha industria con prespectivas de futuro como é a solar. Tanto máis canto que a paralización temporal das obras neste tramo non repercute no retraso acumulado xa na conexión do tren de alta velocidade coa meseta.

5º.- Solicitar ás Administracións e Organismos competentes a información referente a este tema.

5º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG solicitando o indulto para os veciños do Eixo condenados a prisión en autos de sumario 1/2000-rollo 51/2001 da Sección Sexta da Audiencia Provincial de A Coruña

Dáse conta da moción do BNG na que se expón que coñecida a sentenza que condena a sete anos de prisión ós veciños do barrio do Eixo don Jesús Montoiro Cepeda, don José Moreira Fernández e don Simón Márquez Valle, derivada dos autos de sumario 1/2000-rollo 51/2001 da Sección Sexta da Audiencia Provincial de A Coruña, con sede en Santiago de Compostela, solicítase do Goberno do Estado o indulto dos citados cidadáns, , apoiándose a solicitude nos seguintes extremos:

-En que concorren nos condenados os parámetros obxectivos que os fan merecentes de tal graza, como è a circunstancia de que nunca tiveron ningún tipo de problema coa xustiza, agás os feitos que deron lugar ós expresados autos

-Que se trata de persoas que velaron polos intereses xerais, especialmente pola mellora do barrio que habitan e polo fomento e desenvolvemento asociativo dos veciños

-Que a traxectoria e conducta social dos devanditos veciños condenados non representa ningún risco cidadán

-Que é coñecida a solidariedade que o barrio do Eixo, representado pola Asociación de Veciños "Domingo Cepeda", ven prestándolle como mostra da solidariedade

-Que se solicita o indulto dende a lembranza e consideración cara ós funcionarios públicos vítimas dos feitos

-Que os condenados xa fixeron efectiva as súas responsabilidades civís a favor do prexudicado, coa colaboración das achegas voluntarias dos cidadáns

Dona Xosefina Guitián do BNG expón que non se entra a valorar a sentenza, pero que se permite unha medida de graza e é á que apela a moción, dadas as características dos condenados , que son persoas sen antecedentes e con vidas normais

.O Sr. Alvela de TEGA tamén considera moi duro que persoas normais vaian ó cárcere cando houbo outras manifestacións con máis disturbios e sen consecuencias, polo que apoia a moción.

O Sr. Costa do PP di que tamén están de acordo coa moción, aínda que sen embargo a proposta a redactarían de xeito distinto como xa expresaron na Comisión. Apoiana considerando o aspecto humano relativo ós veciños, e así mesmo di que se debe recoller a

sensibilidade da comarca a favor deste tema e porque o indulto é o último recurso legal ó que se pode recurrir.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE adhírese á solicitude de indulto baseándose en que estes cidadáns non necesitan nin reeducación nin reinserción porque xa o están e que debe apelarse ó aspecto humanitario, solicitando que a redacción da proposta vaia neste sentido, se ben tamén debe recordarse que por outra banda hai un dano a unha persoa que lle supuxo unha invalidez.

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a citada moción.

6º.-- Informe, se procede, sobre moción do BNG solicitando a revisión urxente da seguridade nas instalacións deportivas e demais de uso público

Dáse conta da moción do BNG na que se solicita a revisión urxente da seguridade nas instalacións deportivas e demais de uso público.

Por parte do Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expónse que o seu grupo tivo sensibilidade con respecto a ese tema e que hai instrucións ó respecto.

Dona Xosefina Guitián do BNG agradécelle as actuacións do Grupo de Goberno ó respecto e que se se observan deficiencias deberían cerrarse en tanto non se subsanen as mesmas para evitar danos.

O Sr. Alvela de TEGA solicita que non se baixe a garda neste aspecto.

O St. Costa do PP di estar de acordo coa moción e que a vixilancia neste aspecto debe extenderse a todas as instalacións.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada moción

7º.- Informe, se procede, sobre as bases para a adxudicación do concurso para a redacción do Plan de Sectorización e dos proxectos de urbanización e de parcelación do SUND-4 (parque empresarial de Vedra)

Dáse conta do borrador do prego de cláusulas económico administrativo que rexerán a adxudicación , por concurso aberto, da asistencia para a redacción do plan de sectorización coa documentación para a súa avaliación estratéxica ambiental e dos proxectos de urbanización e de reparcelación, do solo urbanizable non delimitado SUND-4 , parque empresarial de Vedra.

Pola Presidencia propónse:

1º.- Desenvolver, a través de sistema de cooperación, o Solo Urbanizable Non delimitado SUND-4

2º.- Aprobar o "Prego de cláusulas económico-administrativas que rexerán a adxudicación por concurso aberto da asistencia para a redacción do plan de sectorización, coa documentación para a súa avaliación estratéxica ambiental, e dos proxectos de urbanización e de reparcelación do Solo Urbanizable Non Delimitado SUND-4, Parque Empresarial de Vedra, que se xunta como anexo á presente acta.

3º.- Aprobar unha cuantía do 3% do orzamento de adxudicación en concepto de gastos por tramitación municipal.

Dona Xosefina Guitián do BNG di que lle satisface que as bases fosen consensuadas, aínda que lle sorprende que en determinado momento se solicitasen informes externos.

O Sr. Alvela de TEGA di que está a favor aínda que no seu momento propuxo outro modelo, e solicita que as achegas dos grupos se tomen en serio, xa que supoñen unha dedicación e un traballo que pretende se plasme en achegas serias.

O Sr. Martínez do PP di que tamén lle satisface que as bases fosen consensuadas e roga que as bases sexan sempre abertas.

A Presidencia expón que despois do PXOM, este Plan de Sectorización é o proxecto máis importante que se elaboraron unhas bases e que se solicitaron informes ó respecto, tratando así de evitar prexuízos ós empresarios, que son os que en definitiva o financian, congratulándose de que se aproben.

Postas a votación o Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

8º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG sobre do funcionamento das Casas de Cultura

Solicítase a declaración de urxencia deste punto que se aproba por unanimidade dos asistentes

De seguido dáse conta da moción do BNG na que se expón que o concello ten un dos movementos asociativos máis forte e dinámicos de todos os concellos rurais de Galicia, demostrable tanto polo número de asociacións inscritas no Rexistro Municipal coma pola gran cantidade e calidade das actividades feitas polas citadas asociacións, sendo responsabilidade dos grupos municipais axudar, impulsar e facilitar, dentro do posible, o traballo que o movemento asociativo realiza, xa que enriquece de forma ampla e variada a vida cultural, cívica e deportiva do noso concello, polo que se propón a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Apoiar a creación dun Regulamento, claro e sinxelo, para a utilización dos espazos comúns das distintas Casas de Cultura ou Centros Sociais de titularidade municipal, no que se recollan unhas normas básicas de dereitos e obrigas para os usuarios e organizadores das distintas actividades.

2º.- Apoiar o obxectivo de que este regulamento e normas estean elaboradas nun prazo non superior a tres meses dende a aprobación desta moción, e sexa enviado pro escrito a todas as asociacións rexistradas no concello, así como exposto, no que se refire a dereitos e deberes fundamentais, en todas as Casas Municipais en lugar ben visible para os usuarios e usuarias.

3º.- Apoiar que se revisen aqueles locais cedidos mediante convenio a diferentes asociacións, para comprobar que sigan cumprindo o cometido da cesión realizada, e no caso de non ser así, recuperalos para o Concello.

4º.- Apoiar que os locais que permanezcan libres nas diferentes Casas, incluídos os que puideran quedar liberados en virtude do punto anterior, se ofrezan ás asociacións do Concello que non dispoñan de ningún, utilizando criterios de cesión claros, que aparezcan recollidos no regulamento.

5º.- Apoiar que o Concello de Vedra se faga cargo da limpeza dos espazos comúns (Salón de Actos, baños, corredores e entrada) das Casas Municipais.

Dona Xosefina Guitián do BNG fai unha exposición a favor do contido da súa moción.

O Sr. Alvela de TEGA expón que, en todo caso, debe ser por consenso e tendo en conta os posibles problemas.

O Sr. Costa do PP di que xa expuxeron que están de acordo co fondo deste asunto e que, en principio, o apoian considerando que, en efecto, deben ser unhas normas sinxelas e flexibles para todos.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que este tema non xerou especial conflictividade ata agora, non obstante non son contrarios a elaborar unha normativa para o que reitera a solicitude para que os grupos presenten aportacións.

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a citada moción.

9º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP sobre o acceso electrónico dos cidadáns ós servizos públicos

Solicítase a declaración de urxencia deste punto que se aproba por unanimidade dos asistentes

De seguido dáse conta da moción do PP na que tendo en conta o disposto na Lei 11/2007 de acceso electrónico dos cidadáns ós servizos públicos, solicítase a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Que de forma inmediata se elabore un plan de actuacións para que o Concello de Vedra, poida garantir ós seus cidadáns os dereitos establecidos na devandita lei no horizonte temporal do 31 de decembro de 2009.

2º.- Que xa nos presupostos do 2008 e nos seguintes se habiliten as partidas presupostarias que sexan precisas para levar a cabo o punto anterior.

3º.- Que tal e como permite a lei, se soliciten os apoios e axudas necesarias a outras administracións para levar a cabo os puntos anteriores.

O Sr. Martínez do PP expón que, en función da data en que se rexistrou a moción debería terse incluído na orde do día do pleno. De seguido fai unha exposición ó respecto da moción e das súas vantaxes para os cidadáns, que poderán tramitar asuntos municipais, incluso dende o seu propio domicilio e que a lei obriga a dispoñer deste servizo.

Dona Xosefina Guitián do BNG apoia a moción xa que supón facilidades para os cidadáns e suscribe todos os seus apartados.

O Sr. Alvela de TEGA tamén apoia a moción.

O Sr. Sánchez do PSdeGS-PSOE di que a Deputación está a contratar este servizo no que tamén lle parece traballa a Xunta de Galicia. Expón que están de acordo coa mesma e que neste sentido xa se está a traballar.

O Pleno por unanimidade acorda aprobar a citada moción.

10º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvención para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico.

Declárase a urxencia por unanimidade dos asistentes

Dáse conta da Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, do 20 de abril de 2007, pola que se regula a concesión de subvención ós concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico.

Ó abeiro da mesma, proponse:

Primeiro.-solicitar a dita subvención para o proxecto de redacción dos Plan especiais de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia denominados:

- | | |
|------------------|--|
| 1) Plan Especial | PE-1. NÚCLEO DE PONTE ULLA |
| 2) PEPRMMR | PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DE NÚCLEO DE TOMONDE |

Segundo.- aprobar o orzamento para a redacción do Plan especial Núcleo de Ponte Ulla, ascendente á cantidade de cincuenta e catro mil cincocentos catro euros con cincuenta e cinco céntimos (#54.504,55#) e o PEPRMMR Plan especial de protección do núcleo de Tomonde, que ascende á cantidade de cento tres mil novecentos trinta e dous euros con vinte e nove céntimos (#103.932,29#)

Terceiro.- aceptar as condicións previstas na dita orde

Cuarto.- facultar amplamente ao alcalde-presidente do concello para todos os tramites necesario para a dita subvención

O pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

11º.- Contestación ás preguntas formuladas no pleno anterior

Ás preguntas formuladas por dona Xosefina Guitián do BNG, a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre da obra da depuradora de San Xián de Sales, di que nunha entrevista co constructor da obra e co enxeñeiro xefe da Deputación a cuestión é que non están claras as ocupacións e que se acordou volver con planos do Catastro para aclarar o asunto. Di tamén que se comprarán máis fincas de cara ó futuro para esta obra.

2º.- Á pregunta relativa á obra de ensanchamento da estrada de Gaiosa -Ponte de Sarandón, di que o concello non ten que recepcionar a obra ó tratarse dunha estrada provincial, e que de momento as obras están sen rematar e que despois se continuará ata a Ponte de Sarandón, que se aplicará aglomerado e se retocará a ponte.

3º.- Sobre do uso do Pavillón Municipal di que hai tres horarios de actividades: as do CPI, as actividades do Concello e o tempo que queda libre repártese entre as distintas asociacións, nas que está incluído o Club Olímpico de Vedra como unha máis.

4º.- Con respecto ó Convenio para o Transporte Metropolitano, di que se solicitou información a Transportes e que contestaron que acaban de elaborar un novo horario con nova reestructuración e que é posible que se modifique o horario e as frecuencias.

-Ás preguntas de Don Carlos Martínez do PP, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre da obra da estrada Vedra -Santa Lucía, que o decreto de ocupación urxente saíu publicado no Diario Oficial de Galicia de onte

2º.- En canto ás obras de saneamento de San Xián de Sales, que se está pendente de falar cos propietarios dos terreos.

3º.- Á pregunta relativa ás obras da igrexa de San Xián de Sales, que cando rematen outras a brigada municipal irá rematalas.

4º.- Sobre do bens da Mancomunidade Val do Ulla, que fai uns anos se conseguiron dous camións para a mancomunidade, e que logo se repartiron entre os dous concellos de Vedra e Boqueixón e que o lavacolectores , dado o seu custo de mantemento, se alugou a unha empresa que se encarga de lavar colectores.

5º.- En canto á pregunta sobre das obras da casa da estación de ferrocarril de Santa Cruz, di que Adif non tiña interese na estación, e que se fixo un convenio para manter eses edificios e adxudicarlle algunha función unha vez rematadas as obras

6º.- Por último e á pregunta sobre funcións de don Antonio Gago e dona Patricia Deber, que están contratados para as rutas de sendeirismo, zonas verdes e outras.

12.- Rogos e preguntas

--Dona Xosefina R. Guitián Lema do BNG formula os seguintes rogos e preguntas:

1) Cando se prevé que empece a funcionar a nova páxina web do concello?

2) Qué funcións concretas realiza e qué tipo de contrato ten co concello Miguel Camino?

3) En Xuntas de Goberno só consta o pagamento de teléfono na Escola de San Miguel; Teñen as demais escolas integrantes do CRA teléfono ou non? Quen o paga?

4) Rogo se solucione á máxima brevidade posible o problema de falta de abastecemento de auga na Casa de Cultura de San Xián.

5) Rogo se coloque unha cancela no patio do Colexio de Ortigueira que delimite a extensión real do terreo propio do colexio

6) Rogo se solucione á máxima brevidade posible o embudo que fai a estrada de A Gaiosa a Ponte de Sarandón na ponte sobre a vía do ferrocarril, colocando cando menos algún tipo de sinalización reflectante.

7) En Xunta de Goberno de 2 de outubro aprobouse unha factura de 2.000 euros por material para a emisora municipal: que material se mercou? Cando e onde se vai a abrir a emisora municipal?

8) Discutiuse algo con D. Modesto Paz Camps sobre o establecemento ou non dun novo convenio? Cando tiveron lugar esas reunións? Cómo está funcionando agora mesmo a Casa-Museo Paz Camps?

9) Dous meses despois de aprobada a moción sobre eliminación de barreiras arquitectónicas: empezouse a traballar no Plan? Por que aínda non están sinalizados os lugares de reserva de aparcamento para persoas con discapacidade, sendo algo que non ten dificultade facer? Tiveronse en conta criterios de acceso universal ó contratar a elaboración e mantemento da nova páxina web?

10) Estudiouse xa o custo de gravar os plenos, tal e como se quedou a principios de lexislatura?

11) Rogo se manteña na páxina web un arquivo coas actas dos plenos dos últimos meses, non só dun mes.

12) Rogo se tomen en serio todos os acordo plenarios e respecten a data de periodicidade dos plenos establecida.

13) Cando se prevé que empece a funcionar o Punto Limpo e como se vai utilizar?

14) Trasládouse xa á Consellería de Sanidade o acordo plenario tomado no mes de setembro respecto da reapertura dos centros de saúde de San Xián e de Santa Cruz?

15) Vai o Concello tomar algunha medida coxuntamente cos outros concellos afectados para reclamar a gratuidade da autoestrada a Ourense?

--Don José Alvela Edreira do TEGA pregunta para cando entra en funcionamento o punto limpo? De que maneira? Que tipo de lixo? Horarios?

Así mesmo roga que se coloque no lugar de Gatente en Trobe un taboleiro de anuncios como os existentes noutros lugares (xunto á marquesiña) , ó mesmo tempo aproveitar para a limpeza do contorno da mesma.

--D. Carlos Martínez Carrillo do PP formula as seguintes preguntas:

1) Existe algún proxecto para facer os novos vestiarios do campo de fútbol de San Mamede?

2) Cando van comezar as obras de traída de augas, saneamento e sumidoiros en San Mamede?

3) Hai algún proxecto para instalar unha depuradora de augas residuais en Neira de Abaixo? En caso afirmativo, en que terreos concretos se vai colocar?

4) En relación co accidente que sufriu un rapaz cunha portería no polideportivo de Vedra, que medidas adoptou o Concello dende aquel día ata hoxe?

5) Xa transcorreron varios meses dende que houbo unha comisión para buscar unha solución ó museo Paz Camps, que se fixo en relación a ese tema ata o día de hoxe?, existe xa un inventario de cadros?, váise firmar un novo convenio, en que condicións?

6) Recollendo as queixas de numerosos veciños en relación co pago polo Concello do vaciado de fosas sépticas privadas, queremos preguntar en virtude do principio de igualdade si se vai baleirar polo Concello de maneira gratuita as fosas sépticas de todos aqueles residentes en Vedra que así o soliciten?

7) Qué pasos se deron dende o Concello ata o día de hoxe para a instalación dun ascensor na Casa de Cultura de Santa Cruz?

8) En relación ó muro que se empezou a facer antes das eleccións no terreo situado pola parte de abaixo da Igrexa de San Pedro de Sarandón, váise facer alí o cemiterio novo?, cando se van a reanudar e terminar ditas obras?

9) En relación á pista que cruza a aldea de San Pedro e que vai cara Vedra, que posibilidades hai para poder darlle ancho, posto que hai sitios moi estreitos con risco de accidentes?

Asi mesmo formula os seguintes rogos:

1) Solicitamos se dote de servizo de auga o antes posible a casa de cultura de San Xián e que a dita instalación se inclúa nos espazos públicos que se veñen limpando habitualmente polo Concello.

2) Rogamos se tomen todas as medidas posibles ou pertinentes para aumentar a seguridade do miradoiro de Gundián co fin de evitar posibles accidentes, sobre todo de menores, dado que se trata de unha zona pública de risco.

3) Rogamos unha vez máis se mellore e complete a sinalización, incluídas direccións, do noso Concello, das súas distintas parroquias e aldeas, dado que de novo visitantes de fóra volven a perderse nas nosas vías públicas.

4) Na parroquia de San Pedro de Sarandón rogamus se limpe a pista que vai de Ribeira a Cubelas a carón do río. Igualmente, no terreo situado enfrente do proxectado cemiterio, para poder acondicionalo, dado que está de vertedoiro de restos materiais de construción etc.

5) Solicitamos se terminen as obras de asfaltado e igualmente se poñan as diferentes tapadeiras a varias arquetas na pista que cruza a aldea de Fraíz a Merín.

6) Igualmente rogamus que á maior brevidade posible se coloque na páxina web do Concello os arquivos cos mapas do Plan Xeral de Ordenación Municipal, así como a normativa de edificabilidade que corresponde con cada categoría de solo: m² necesarios de parcela, fronte á vía pública, retranqueos, edificabilidade etc. Así mesmo a documentación necesaria para solicitar informacións urbanísticas e licenzas de obra e o custo das taxas correspondentes.

--O Sr. Costa solicita a colocación de máis paneis nos lugares do Concello.

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e cincuenta minutos

